

Título: *Canadian Waltz*, o relato

Autora: Auria Rodríguez Gómez.

Categoría: B, maiores de 18 anos

Un relato non é o mesmo ca unha novela. Iso sábeo todo o mundo, aínda que non saiban dar unha definición da diferenza. Quizais a diferenza non está tan clara. Para min, e así quero que sexa o meu relato, a diferenza está na extensión, evidentemente, mais tamén, por exemplo, na caracterización dos personaxes. Na novela a caracterización é moito máis complexa que no conto, no que só aparece un pequeno momento dos personaxes, e só os caracteriza o que é relevante para ese pequeno momento. Os personaxes só son o meu instrumento para acadar o meu obxectivo. Se non se coñecen os seus nomes, non pasa nada. Só pasa algo se falta o relevante. Dareino feito?

A diferenza tamén reside no clímax: un relato é todo clímax. Nada pode sobrar... tamén é difícil definir o clímax. Calquera cousa é clímax. Calquera cousa é relato, calquera cousa é novela. Por non falar da poesía. Unha novela tamén pode ser poesía, creo. Dáme igual o que consideran por aí que é un conto, ou calquera outra cousa: que se considera que é unha paella? Un conto é o que eu diga.

E o que eu digo é que un relato ten que ter algún elemento máxico. Pode parecer unha parvada, pero é así. Non recoñezo un conto coma tal se non ten algo de máxico. Iso téño que meter, como sexa.

Unha muller nova está na cociña da súa casa. A súa casa está nunha cidade grande. A cidade grande non está en Galicia; pode que sexa Madrid ou Barcelona. Ou pode que Berlín, París, ou unha de por aí adiante. Non está en Galicia, pero na súa casa fálase en galego. Fálase, porque non está ela soa: ao seu pé hai un home novo, co que ten confianza, ademais de ter un aluguer e unha relación indeterminada (indeterminada porque non é relevante neste momento da historia, mais debe quedar claro que a narradora si sabe como é esta relación. Sábeo todo). A muller nova e o home novo falan na cociña, non importa de que falan, pero si que non están moi animados, tampouco moi desanimados. Conclúen a súa conversa da seguinte maneira:

– Invítote a cear por aí – , el.

– Mellor vou facer unha paella – , ela. E ponse a rebuscar pola cociña.

O relato debe ter unha estrutura circular, ou semicircular, ou octogonal. Debe ter un esqueleto sobre o que construír músculos e órganos. O máis importante destes órganos debe ser o útero, seguido do estómago. Os músculos máis importantes son os das pernas, sen dúbida. Debe tratar dalgún tema grande e clásico, non sei, morte, amor, o puto *carpe diem...*, pero estes só deben figurar nos músculos e órganos menos importantes, para o que nos ocupa no meu relato. Pero o esqueleto estará feito de pequenas células dun tema pequeno, dos que non pertencen aos grandes escritores (dicir “grandes escritoras” sería unha inxenuidade pola miña parte). Un tema de mulleres, de xuventude. Por exemplo, a desilusión. Tamén podería valer o tema darse-conta-das-cousas, pero este tema traería o problema de ter unha difícil denominación, pouco atractiva e comercial: hai que telo en conta se se pretende aparecer nalgunha revista ou

ser citada. Ten que estar preto e lonxe, para que alguén se sinta identificado e alguén non o entenda. E, se fose posíbel, debería ter algo de máxico. Isto é moi importante. Seguro que me forro.

A muller nova chámase Paz. Non importa como se chama o home novo, porque o seu nome non é simbólico. A Paz gústalle falar, de calquera cousa. O que non lle gusta é a cidade grande na que vive. Máis que non gustarlle, sería máis axeitado dicir que non a entende, e que sente que a cidade non a entende a ela. Non é súa. A Paz gústalle posuír os espazos.

É unha cidade grande, con museos, teatros, cines, tendas, mercados, discotecas, bares, bordeis, moitas camas. A xente que vive nesa cidade fala moi alto, ten conversas incríbeis, mais non porque se lles desate a paixón ao falar. É para que os oian. Falan do que fixeron nos museos, teatros, cines, tendas, mercados, discotecas, bares, bordeis, camas. A Paz non lle gusta iso. Refírome a que a xente fale así, non a eses espazos, que si lle gustan (ás veces posúeos), algúns máis que outros. Por iso cre que hai que falar baixo.

Wilson, a última esperanza branca.

Tras un ano de espera insoportábel, o vindeiro luns sae á venda o novo disco de Wilson, o sexto da súa carreira. O quinteto de Nova York ofrécenos unha nova entrega da súa saborosa receita de rock alternativo, aderezado con un toque de folk, punk, e todo o que actualmente non esperas atopar nun disco que veña desa cidade.

Canadian Waltz é un disco que chega para deixar atrás a nova escena neoiorquina. Despois deste disco, esa escena xa é vella. Cancións como *Sparrows* farán que che caia máis dunha bágoa, e as ruidosas guitarras de *Debris of European Hymns* farán que vibres, sen esquecer as influencias electrónicas en temas como *Techno DJ*, que converten a este quinteto no estandarte da modernidade.

Wilson son máis modernos que Madonna, e, ao mesmo tempo, máis clásicos que ninguén. *Canadian Waltz* é un disco que tes que ter. Non deixes que cho conten os demais. A partir do vindeiro luns nada será igual.

Ás veces Paz parece que traba. Antes non era así. Cando parece que traba, o home novo non sabe que facer, ponse moi nervioso. Pensa que Paz é complicada, e ten máis medo de que Paz saiba que non a entende que de que Paz o trabe. Non quere que ela pense que el non é, polo menos, tan complicado coma ela. A Paz non lle gusta que o home novo adopte esa actitude, mais, xeralmente, opta por facer como se nada, por deixar xear. Entón el, ás veces, dille:

– Máis que Paz debíaste chamar Harmonía.

A ela fílle graza, e decide deixar de deixar xear. Na súa vez, sorrí.

desilusión (de *des-* + *ilusión*). *s. f.* **1.** Perda da ilusión. **2.** Desengano.

Vale, busco “desengano”. Non vén. Pero vén desenganar:

desenganar (de *des-* + *enganar*). *v.* **1.** Sacar a un do erro no que estaba (non, esta non me vale). **2.** Desilusionar.

Puto dicionario dos collóns. “Ilusión”?

ilusión (lat. *illusione*). s. f. **1.** Erro de percepción provocado por unha falsa aparencia. **2.** Esperanza.

Na cidade grande vive xente moi moderna. Paz pregúntase como farán para seren así. Será que ela non naceu nunha cidade grande? Non, eles tampouco, ninguén naceu nas cidades grandes.

Hai xente moi moderna, que consome moita cultura, e moito de todo. Paz non sabe o que é a cultura, nin o que é ser moderna. Antes cría que o sabía, antes de ir á cidade grande. Imaxinábase a si mesma no metro, indo a sitios maravillosos, con xente moi interesante, moi moderna. Pero, cando chegou á cidade grande, pareceulle que esa xente falaba moi alto, non entendía por que e ademais amolábana. Igual éralle mellor facer un café na casa, ver un pouco a tele.

desilusión. s. f. O que sente Paz?

A primeira vez que se deitou co home novo, a Paz gustoulle adormecer sentindo a caloriña do seu corpo (si, deitáronse, polo menos unha vez, mais non por iso deixa de ser unha relación indeterminada. A narradora controla este tipo de cousas). Ademais, doíanlle os músculos das pernas. A el tamén lle gustou esa mesma sensación, mais nin un nin a outra llo dixeron ao seu compañeiro ocasional, ou compañeira. Deixaran

soando un dos primeiros discos de Wilson, un grupo xa algo vello, que sempre lles gustou, recentemente erixido como grupo de vangarda. Agora, cando Paz lembra ese momento, cando escoita esa música, nota algo no estómago, e tamén un pouco máis abaixo, é posíbel que polo útero, mais ela nunca foi consciente de ter un. Móvenselle ao son do rock alternativo, aderezado con un toque folk, punk, e cousas desas. Tamén sente algo máis, indeterminado, mestura de nostalxia e ganas de vomitar.

O relato debe ter unha muller nova como protagonista; se non, teríamos músculos das pernas e estómago, pero non útero, e nada tería sentido. Debe ter música actual. Debe ter desilusión, mais unha desilusión holista: a vida, a cultura, o amor, o putito *carpe diem*. Fariame falla máis documentación. Non sei onde lle vou meter o elemento máxico.

Paz está na cociña da súa casa, folleando unha revista e tomando un café. Chega o home novo, saúdaa, falan un pouco, dálle unha boa nova. E así conclúen a súa conversa:

– Invítote a cear por aí – , el.

– Mellor vou facer unha paella – , ela. Eponse a rebuscar pola cociña.

De súpeto, sen que ninguén poida explicar por que, aparecen uns pementos e unhas cebolas enriba da mesa da cociña de Paz, comeza a soar unha canción de Wilson, e o vello forno de gas convértese nun forno de última xeración, deses de ciencia-ficción, que ao abrilos xa sacan para fóra as bandexas.